

Misterios gozosos

A avoa veu vivir con nós nada máis comezar o confinamento. Mamá dixo que a residencia non era un sitio seguro para ela e que non a podíamos deixar alí. Papá non dixo nada, coma sempre, e así foi que, nun abrir e cerrar de ollos, a avoa converteuse na miña compañeira de habitación.

Ela durmía na liteira de abaixo, ó lado do póster de Pokemon Go, e eu na de arriba, onde o cartel do concerto de Masters of Sound. Xunto ó meu escritorio puxemos una cadeira na ela que pasaba a maior parte do tempo mirando como eu xogaba no ordenador.

— Andrés, non sei que gusto tes en ver todos os días a mesma película. ¿E logo que tal se poñemos a misa?

— Son Marcos, avoa.

A avoa sempre me confundía co avó Andrés. Mamá di que son cuspidiño a el, que morreu moito antes do meu nacemento. A avoa leva toda a vida de loito e eu preguntome se nalgún momento se da conta de por que viste de negro, pero non digo nada, claro.

A avoa di que non está mal o piso, pero que lle viña ben ter una lareira, porque é onde o caldo se fai como Deus manda, e tamén un anaco de terra ó lado, para por unhas leitugas e unhas nabizas, que as que se mercan por aí non teñen nada que ver coas da casa. Con todo, afíxose decontado a estar con nós. Adormece a cada paso, ás veces no salón, onde mamá teletraballa, e ás veces no meu cuarto, que agora xa é o cuarto dos dous. Ó espertar pega un brinco e fica calada un bo anaco, ata que se ve que recorda onde está e quen somos cada un de nós ou, cando menos, quen pensa ela que somos.

— Andrés, xa fai moito que non rezamos o rosario. Non sexas fariseo e ven aquí rezar comigo. *Primer misterio. La encarnación del Hijo de Dios.*

— Son Marcos, avoa.

— Tes moito vicio ti. Iso si. De novos non me viñas con peros para nada. Daquela era todo “ruliña, si” e “si, ruliña”. Que Deus saiba perdoarcho. *Padre nuestro que estás en el cielo, santificado sea tu nombre...*

Lavábamos xa mes e medio de confinamento cando despediron a mamá. Dun día para outro, o repique das teclas do seu ordenador no salón foi substituído por un frenesí de limpeza doméstica. Mamá fregou cada recuncho da casa coma quen quere desfacerse de calquera proba dun crime inefable e cando acabou deixouse caer coma morta no cama e xa non se levantou máis. Papá non dixo nada, coma sempre. Seguimos facendo a mesma vida, coma se non notáramos a súa cadeira valeira na mesa, o empobrecemento dos nosos menús diarios e a roupa acugulada no cesto do cuarto de baño. Debiamos levar así case unha semana cando a avoa, sen mediar palabra, meteuse na cociña a preparar unha sopa, segundo dixo. Papá e máis eu miramos un cara o outro e con esa mirada selamos un acordo tácito de vixiala de preto. Contra toda previsión, o piso encheuse dun aroma que alimentaba a alma e cando rematou a faena, puxo unha porción nunha cunca e levoulla a mamá á cama. Polo canto do ollo vin como lle daba a sopa a culleradas na boca, coma se mamá fora unha rapaciña, e cando a tivo tomado toda, meceuna contra o peito mentres murmuraba unha cantiga de berce. Mamá chorou caladamente en primeiro e despois sen control, coma unha criatura. Á fin, quedou durmida nos brazos da avoa, que ficou alí con ela ata que, ben entrada a noite, arroupouna e foise para a súa liteira de abaixo.

Ese foi o último día que mamá pasou na cama. Ó día seguinte, nada máis erguerse, gardou o seu portátil e os apeiros de oficina no moble da entrada e puxo algunhas plantas enriba da mesa na que acostumaba traballar ata facía ben pouco. Volveu poñer música, como facía antes de estar encerrados. José Luis Perales. Julio Iglesias. Mocedades. E dende aquela, á media tarde facía café con leite para todos e poñía unhas pastas para acompañar. Pero sobre todo, volveu a falar con papá. De súpeto conversaban largas horas. Eu nin sabía que papá podía falar tanto. Nin rir. Rían por todo. Por calquera cousa. Sen vir a conto. Ou ó mellor si. Se cadra si que viña a conto e eu era o único que non entendía nada, porque a avoa ría canda eles e parecía saber de que ía aquilo mellor ca ningún de nós.

A avoa nunca deixou de chamarme Andrés e eu resolvín non volver a replicar para lembrarlle como me chamo en verdade. Semellaba quedar en paz cando eu lle dicía, sen máis, “si, ruliña”. Agora estou aprendendo a rezar o rosario. De

momento empecei cos misterios gozosos, por aquilo de que hai que ser optimista, malia todo.